Vicens Vives
Educación Primaria

aula activa

LINGUA 4

Tema 01
A carta

GUÍA DIDÁCTICA

- **Orientacións Didácticas**
- **Solucionario**
- **Competencias Clave - Intelixencias Múltiples**
- **Atención á Diversidade**
  - Actividades de Reforzo
  - Actividades de Ampliación
- **Recursos Didácticos**
  - Navegamos por Tiching
- **Libro Dixital**
- **Educamos en Valores**

Orientacións didácticas

- Esta unidade propón unha lectura que contén unha carta que unha nena lle envía á súa avoa.

Antes de responder as preguntas de comprensión das páxinas seguintes, os alumnos realizarán estas actividades:

- Lerán o título. Logo, farán hipóteses sobre o posible contido da lectura.
- Responderán de forma oral as preguntas formuladas antes da lectura.
- Lerán a lectura e marcarán nela as palabras que non comprendan. Se algunhas destas palabras está salientada en negra, indicarémoslles que lean a súa definición, que está nos recadros grises das marxes.
- Responderán a pregunta número 1 que está na páxina da esquerda.

Para acabar, cada neno lerá o texto en silencio.

Solucións das actividades

Antes de ler

- Resposta persoal. Intentaremos que o alumnado se decate de que se trata dunha nena e da súa nai que están de vacacións nunha vila mediterránea, pola orografía, o tipo de casas, o mar, etc. Tamén se deben decatar de que a nena está sentada escribindo unha carta.
- Resposta persoal.
- Resposta persoal. A modo de exemplo: teléfono móbil, ordenador, Internet, etc.

1. Resposta persoal. O alumnado fixarase nas imaxes e cando menos sería desexable que definan que se trata dunha vila de costa.

Actividades de reforzo

1. Para reforzar o recoñecemento do relevo, podemos facerlle ao alumnado as seguintes preguntas:

– *Onde fuches de vacacións este último verán?*

1 A carta

Antes de ler

- **Observa as ilustracións. De que cres que pode tratar a lectura?**
- **Recibiches algunha vez unha carta? Lembras de quen era?**
- **Que outros medios utilizas para te comunicar?**

recepcionista: persoa que atende o público nunha recepción.

hospedar: aloxar.

1 En que país cres que se atopa Susi?

Issopyxos, 14 de agosto

Querida avoa:

Agora xa levo tanto tempo aquí que podo dicir con toda seguridade que me gusta Issopyxos.

Se mamá realmente non quere subir a un barco na súa vida e ten que quedar aquí para sempre, eu quedo con ela. Aquí pasarémolo ben.

Contoume o **recepcionista** do hotel que xa no mes de febreiro todas as árbores botan flores. Claro que tería que aprender grego para poder ir á escola.[1]

Tamén teríamos que gañar cartos mamá e mais eu. Poderíamos pintar pedriñas, cabazos secos e camisolas para llelos vender aos turistas.

Onte no autobús que vén do outro cabo da illa chegou unha familia de Viena. **Hospedáronse** no mesmo hotel ca nós.
A familia compónse dunha mamá gordecha, un papá gordecho e dous nenos gordechos. En conxunto dan sen dificultade 400 quilos!

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Comunicación lingüística	Interpretar e empregar diferentes tipos de códigos e linguaxes.	Interpretar e expor a información que transmite a tipoloxía dun relato. *Antes de ler.*
Aprender a aprender	Desenvolver estratexias e empregar diversas ferramentas para reforzar a adquisición de léxico e o coñecemento da lingua.	Favorecer a adquisición de léxico a través da lectura de relatos e dos glosarios que acompañan as lecturas. Lectura.
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor	Participar en actividades colectivas e escolares para iniciativa propia e mostrando interese e iniciativa. Imaxinar ou anticipar desenvolvementos ou conclusións.	Participar nunha conversa sobre o posible contido dun texto fixándose no seu título. *Antes de ler.* Comentar e anticipar en que lugar se pode atopar a protagonista da lectura en base á ilustración que acompaña o texto. Lectura, Pregunta 1.
Sociais e cívicas	Participar en actividades colectivas de forma colaborativa, respectando as achegas alleas.	Participar no comentario colectivo sobre o posible contido dun relato respectando as opinións alleas. *Antes de ler.*

[] Valid. 25/02/2017

Paul está sentado ao meu carón e tamén lle está escribindo unha carta a súa avoa, aínda que non se lle ocorre nada. No seu papel non puxo máis ca "estimada avoa"! Láiase decote: "E agora que poño?"

Teño que deixar de escribir. Mamá avisou desde o balcón que xa imos xantar. Non teño fame ninguñha. Por que hai que comer cando non se ten fame? Non poderei comer nin un bocado.

E mamá vaime **rifar** outra vez. E papá volverá insistir en que lle quito o bo humor. Querida avoiña, non sabes cantas ganas teño de volver a verte.

Mil bicos da túa neta.

Susi

P.D.: Vai ben o meu xeranio? Ten algunha folla nova? Fálaslle con agarimo mentres o regas?

Christine NÖSTLINGER: *Querida abuela, tu Susi* (tradución e adaptación).

rifar: corrixir con dureza.

Tema 1 3

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/100959 - Consultaremos o dicionario en liña da Real Academia Galega.

Aproveitaremos para dicirlle ao alumnado que sempre que non coñeza o significado dalgunha palabra, debería buscala no dicionario e aprender a usalos con axilidade, xa que se trata dunha ferramenta moi útil na nosa vida cotiá.

Podemos pedirlles que busquen varias palabras para que practiquen a procura dos termos e aprendan a seleccionar o significado adecuado en cada contexto.

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

– *Era un sitio de costa, de montaña ou de chaira?*

– *Que características ten o lugar onde fuches de vacacións? Descríbeo brevemente.*

– *Gústache máis o mar ou a montaña? Por que?*

– *Que actividades podías facer nese lugar?*

Actividades de ampliación

1. Para continuar co traballo sobre a estrutura da carta, podemos proporlle ao alumnado as seguintes actividades:

Cada alumno e alumna escollerá sen dicilo en voz alta un compañeiro ou compañeira da aula.

Escribirán unha carta breve, cunha extensión máxima dunha cara dunha folla.

Pedirémoslles que se fixen ben na estrutura que deben empregar.

Entregaranlle a carta ao compañeiro ou compañeira destinatario/a, quen a lerá en voz alta e corrixiraa se ten algún erro.

Por último, en grupos de catro alumnos, escribiranlle unha carta ao mestre ou mestra.

Educamos en valores

- Neste tema traballaremos o respecto cara a outras culturas para poder valoralas e aprender delas. Para isto, podemos proporlle ao alumnado as seguintes preguntas:

– *Viaxaches algunha vez a outro país? A cal?*

– *Era moi diferente do lugar onde vives?*

– *Fixeches amigos alí?*

– *Falábase o mesmo idioma que onde vives ti?*

– *Que che gustou máis da viaxe?*

– *Aprendiches algo da cultura dese lugar e das súas xentes?*

– *Tiveches algún problema con alguén pola diferenza cultural? Como o resolviches?*

– *Cres que hai culturas mellores e peores? Por que?*

– *Coñeces persoas doutras culturas?*

[] Valid. 25/02/2017

Orientacións didácticas

■ A través do apartado *Ler e comprender* desta dobre páxina poderemos:

- Comprobar se os nenos comprenderon a lectura anterior e se asimilaron as ideas propostas no texto.
- Estudar e analizar como é unha carta e escribir unha posible resposta da avoa de Susi.
- Deducir se unhas afirmacións sobre a lectura son verdadeiras ou falsas.
- Analizar unhas imaxes para buscar diferenzas e semellanzas coa ilustración da lectura para deducir cal pode ser o mesmo lugar que se propón na lectura, Grecia.

■ A través do apartado *Gramática* desta dobre páxina poderemos:

- Estudar o proceso de comunicación, os seus tipos e os seus elementos.
- Analizar unhas imaxes para localizar os diferentes tipos de comunicación estudados.

Solucións das actividades

Ler e comprender

1. As respostas son as seguintes:

– Susi escríbelle á súa avoa.

– Susi escribe desde Issopyxos, unha vila que está en Grecia.

– Si que lle gusta, porque o di expresamente na lectura, xusto despois de "Querida avoa".

– O recepcionista dille que en febreiro as árbores botan flores.

– Mamá, papá e 2 nenos, todos gordechos.

– Non, Paul non sabe que escribir.

– Susi debe parar de escribir a carta porque a súa nai a chama para xantar.

2. Susi e a súa nai están de vacacións en Grecia: Sabémolo porque están hospedadas nun hotel, feito que só se fai se se ten pensado quedar uns días nada máis nun lugar e porque se refire continuamente á súa

Ler e comprender

Aprenderás a analizar unha carta e a entender como funcionan.

1 Lembra a lectura e responde as preguntas:

– A quen lle escribe Susi?
– Desde onde lle escribe?
– Cres que a Susi lle gusta o lugar onde está? Por que?
– Que lle explica o recepcionista do hotel?
– Como é a familia que vén de Viena?
– Cres que Paul sabe qué pode escribir na súa carta? Por que?
– Por que Susi ten que deixar de escribir a carta?

2 Explica que está a facer Susi nese lugar. Como o sabes?

3 Escribe como cres que é a relación de Susi coa súa avoa e por que.

4 Imaxina que es a avoa de Susi e que contestas a súa carta. Que lle escribirías?

Querida neta:
Estou moi...

5 Escribe **V** (verdadeiro) ou **F** (falso) no teu caderno:

– Susi atópase en Grecia.
– A Susi gústalle moito comer cando non ten fame.
– Susi está nun hotel coa súa familia.
– A Susi gústalle Issopyxos.
– Paul é moi amigo dos nenos gordechos.
– Paul escríbelle unha longa carta a súa avoa.
– A Susi non lle importaría quedar a vivir en Grecia.

6 Fíxate nestes lugares. Cal pode ser Grecia? Xustifica a túa resposta:

4 Tema 1

Intelixencia Múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Interpersonal	3	Practicar a expresión escrita redactando como é a relación entre dos persoaxes dunha lectura.
Naturalista	6	Identificar e señalar, de tres imaxes, cal pode corresponder a Grecia.
Lingüística	7	Coñecer diferentes formas de comunicación.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Conciencia e expresións culturais	Familiarizarse con diferentes manifestacións e producións artísticas e culturais.	Observar e identificar, en tres imaxes, a dun país concreto como Grecia. Act. 6.
Aprender a aprender	Analizar e interpretar os elementos do contexto para enriquecer a comprensión de textos e imaxes.	Recoñecemento nunhas imaxes dos elementos que forman a comunicación. Act. 6. Facer unha listaxe de formas de comunicación no oral. Act. 7. Interpretar elementos de comunicación en imaxes. Act. 8.
Sentido de inic. e esp. emprendedor	Adotar pautas e coñecementos que favorezan a autonomía.	Interpretar e señalar elementos de comunicación en imaxes. A. 8.

[] Valid. 25/02/2017

Gramática

Aprenderás o que é a comunicación e os elementos que interveñen nela.

A comunicación

A **comunicación** consiste en transmitir unha información.

Os seres humanos comunicámonos a través de imaxes, sons, signos, pero sobre todo a través dun sistema moito máis perfecto: a **linguaxe** (tanto **oral** coma **escrita**). A comunicación pode ser:

Comunicación verbal

Empregamos as palabras.

Comunicación non verbal

Empregamos imaxes, sons e xestos.

En toda comunicación interveñen seis elementos: emisor, mensaxe, receptor, canle, código e contexto.



7 Ademais da linguaxe oral, que outras formas de comunicación coñeces? Fai unha listaxe.

8 Observa as seguintes imaxes e indica cales son os elementos da comunicación que interveñen en cada unha delas:

volta desta viaxe ao longo de toda a lectura.

3. Resposta persoal. A modo de exemplo: pódese deducir que teñen unha boa relación, porque lle escribe unha carta con moito cariño.

4. Resposta persoal.

5. As oracións márcanse con V e F a continuación.

– Susi atópase en Grecia (V).

– A Susi gústalle moito comer cando non ten fame (F).

– Susi está nun hotel coa súa... (V).

– A Susi gústalle Issopyxos (V).

– Paul é moi amigo dos nenos gordechos (F).

– Paul escríbelle unha longa... (F).

– A Susi non lle importaría quedar a vivir en Grecia (V).

6. A imaxe que podería ser Grecia das tres propostas é a terceira, dado que vemos unha vila de costa, casas semellantes ás da ilustración da lectura, etc.

Gramática

7. Ademais da linguaxe oral, poden mencionar a linguaxe escrita.

8. Os elementos que atopamos nas imaxes son sempre os mesmos, aínda que son diferentes protagonistas.

– *Primeira imaxe:* contexto (partido de fútbol), emisor (árbitro), receptor (xogador), mensaxe (tarxeta ou falta), código (non verbal das tarxetas e acenos), canle (a visión do que lle acena o árbitro).

– *Segunda imaxe:* contexto (visualización dun aparello sen máis persoas presentes), emisor (quen creou os debuxos), receptor (a nena), mensaxe (a historia que contan os debuxos animados), código (a lingua galega, por exemplo), canle (a televisión).

– *Terceira imaxe*: contexto (lectura dun libro en soidade), emisor (o autor do libro), receptor (nena), mensaxe (o que di o libro), código (a lingua galega), canle (o libro).

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/86975 - Consultaremos esta páxina web e mostrarémoslles aos alumnos a imaxe da Internet. Entre todos comentaremos a viñeta e intentaremos distinguir os elementos da comunicación. Para isto podemos preguntar:

– *Quen é o emisor nesta imaxe? Cal é a mensaxe?*

– *Quen cres que serán os receptores destas mensaxes?*

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

[] Valid. 25/02/2017

Orientacións didácticas

- Nesta dobre páxina continuaremos avanzando co apartado de *Gramática*, no que se traballará:

- Selección de situacións nas que existe comunicación e argumentación sobre o decidido.
- Clasificación de situacións en comunicación verbal ou non verbal.
- Desciframento dunha mensaxe en linguaxe de signos, en base a unhas letras xa dadas.
- Explicación doutros tipos de comunicación que aparecen nunhas imaxes.

No apartado *Ortografía* centrándonos na sílaba tónica e nas regras de acentuación cos seguintes exercicios:

- Acentuación ou non de palabras argumentando o motivo segúndo as regras de acentuación.
- Copia de oracións poñendo os acentos que sexan precisos.
- Diferenciación de palabras que só se distinguen pola acentuación e creación de oracións con elas.

Solucións das actividades

Gramática

9. As situacións nas que existe comunicación son:

Alguén fai unha exposición oral diante da clase; Alguén está a ler un libro; Alguén lle deixa unha nota a outra persoa; Alguén escribe unha carta.

Nestas situacións podemos dicir que hai comunicación porque temos os elementos necesarios para que exista: *emisor, receptor, mensaxe, código...*

O único caso no que non temos comunicación é recitar diante dun espello, dado que non existe o receptor, polo tanto non hai comunicación.

10. As situacións con comunicación verbal son.

O avó escoitando as noticias da radio; Rapaces nunha sesión de contacontos.

11. A mensaxe é: Os meus amigos.

Gramática

9 Explica se nestas situacións existe comunicación e por que:

- Alguén fai unha exposición oral diante da clase.
- Alguén está a ler un libro.
- Alguén recita un poema ante o espello.
- Alguén lle deixa unha nota a outra persoa.
- Alguén escribe unha carta.

10 Indica nestas situacións se a comunicación é verbal ou non verbal:

- O son das campás dando as horas.
- A bandeira vermella na praia.
- O avó escoitando as noticias na radio.
- O son da ambulancia.
- O público no teatro.
- Rapaces nunha sesión de contacontos.

11 Fíxate neste alfabeto de linguaxe de signos e descifra a mensaxe:



12 Observa e explica en que consisten estas formas de comunicación:

6 Tema 1

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Lóxico-matemática	11	Coñecer a linguaxe de signos lendo unha mensaxe.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Aprender a aprender	Argumentar e razoar as opinións e explicacións. Desenvolver estratexias e utilizar diversas ferramentas para reforzar a adquisición de léxico e o coñecemento da lingua.	Señalar se unhas situacións son verbais ou non verbais. Act. 10. Observar duas formas de comunicación en ilustracións e expor en qué consisten. Act. 12. Explicar o significado dunha serie de parellas de palabras e redactar oracións con cada unha. Act. 15.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	Intervir en actividades por iniciativa propia e con unha actitude colaborativa.	Coñecer e interpretar o alfabeto da linguaxe de signos e desxifrar unha mensaxe. Act. 11.
Dixital	Interpretar información en Internet para ampliar coñecementos	Ampliar información sobre a linguaxe de signos. *Explorador…*
Conciencia e expres. culturais	Familiarizarse con diferentes manifestacións culturais.	Expor duas formas de comunicación de outras culturas. Act. 12.

[] Valid. 25/02/2017

Ortografía

Aprenderás as regras de acentuación das palabras.

As regras de acentuación

Xa sabes que as palabras, segundo a sílaba tónica, poden ser agudas, graves ou esdrúxulas:

- Son **palabras agudas** aquelas que teñen a sílaba tónica na última posición. Levan acento gráfico se acaban en **vogal**, en **-n**, en **-s** ou en **-ns**: *sofá, xabón, autobús, oracións…*
- Son **palabras graves** aquelas que teñen a sílaba tónica na penúltima posición. Levan acento gráfico se rematan en **consoante** que **non** sexa **-n**, **-s** ou o grupo **-ns**: *dátil, cráter, cámping…*
- Son **palabras esdrúxulas** aquelas que teñen a sílaba tónica na antepenúltima posición. Sempre levan acento: *prismático, helicóptero, árbore…*

Lembra
A sílaba que se pronuncia máis forte nunha palabra chámase sílaba tónica.

13 Observa as seguintes palabras e indica que clase de palabras son e se han de levar acento ou non:

bombons → aguda rematada en -ns. Leva acento → bombóns

- mobil
- escola
- arbore
- cafe
- futbol
- excursion
- comedor
- xenero
- maza
- fraxil
- bocadillo
- musica
- simpatica
- sofa
- album
- cordel

14 Copia as oracións seguintes no teu caderno e pon acento gráfico nas palabras que o precisen:

– A viaxe en avion resultou agradable.
– A primavera e a estacion ideal para as arbores.
– En Berlin visitamos o Museo de Pergamo.
– Estan montando unha fabrica de frigorificos nun solar proximo.
– Ramon gañou a competicion de atletismo.
– O condor e unha ave rapaz moi axil.
– O avo fala por telefono co meu irman.
– A leccion nova de matematicas e moi dificil.

15 Escribe o significado das seguintes palabras no teu caderno e escribe unha oración con cada unha delas:

- fórmula / formula
- círculo / circulo
- hábito / habito
- público / publico
- práctico / practico
- Índico / indico

12. A primeira imaxe é un indio facendo sinais de fume. É unha forma de comunicarse baseado nun código aprendido previamente e que sería para se comunicar a moita distancia. Na segunda imaxe podemos ver un neno que toca un instrumento. A música é unha forma de transmitir sentimentos e cultura.

Ortografía

13. As solucións son:

– Agudas que levan til: café, excursión, mazá, sofá. Rematan en vogal, en –n ou en -s

– Graves que levan til: móbil, fútbol, fráxil, álbum. Non rematan nin en vogal nin en –n nin en –s.

– Esdrúxulas: árbore, xénero, música, simpática. As palabras esdrúxulas sempre levan til.

14. As oracións correctamente escritas son:

A viaxe en avión resultou agradable; A primavera é a estación ideal para as árbores; En Berlín visitamos o museo de Pérgamo; Están montando unha fábrica de frigoríficos nun solar próximo; Ramón gañou a competición de atletismo; O cóndor é unha ave rapaz moi áxil; O avó fala por teléfono co meu irmán; A lección nova de matemáticas é moi difícil.

15. Os significados son:

– *fórmula*- modelo establecido para expresar ou realizar certas cousas; *formula*-forma conxugada do verbo formular.

– *círculo*- superficie delimitada por unha circunferencia; *circulo*- do verbo circular.

– *hábito*: roupa de relixiosos; *habito*: do verbo habitar.

– *público*: persoas asistentes a un espectáculo; *publico*: do verbo publicar.

– *práctico*: útil; *practico*: do verbo practicar.

– *Índico*: o océano, nome propio; *indico*- do verbo indicar.

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/101076 - Neste apartado da Wikipedia acharemos unha boa exposición das regras de acentuación en galego.

Podemos consultar os primeiros catro apartados e fixarnos nas palabras agudas, graves e esdrúxulas que se propoñen. A continuación ditarémoslles algunhas delas e practicaremos a acentuación e a sílaba tónica.

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

[] Valid. 25/02/2017

Orientacións didácticas

■ No apartado *Vocabulario* estudaremos a estrutura da palabra cos seguintes contidos:

- Aprendizaxe da estrutura da palabra e dos seus elementos raíz e morfemas.
- Aprendizaxe dos conceptos prefixo e sufixo.
- Compleción dunhas oracións coas palabras máis axeitadas para ampliar vocabulario.

■ A continuación, no apartado *Escoitar e falar* aprenderemos a contar unha historia cos seguintes contidos:

- Escoitar unha narración e modificala contándoa de novo.
- Narración dunha historia a partir duns datos dados.
- Narración dunha historia a partir dunha imaxe.
- Narración dunha historia a partir dunha situación dada.

Solucións das actividades

Vocabulario

16. As palabras con prefixo son:

– i-responsable; im-posible; des-interesado.

As palabras con sufixo son:

– violin-ista; i-respons-able; pere-grin-axe; ros-eira; im-pos-ible; carn-izaría; azul-ado; des-interes-ado; amab-ilidade; outon-al rapac-iña; xornal-ista.

17. As oracións completas son:

- É moi *amable* pola túa parte que me deixases a bicicleta para ir á excursión do domingo.
- Xoán é un rapaz moi *xeneroso*; sempre está disposto a axudar a todo o mundo.
- Gústame traballar en *colaboración* con outras persoas porque aprendo moitísimas cousas diferentes.
- A *solidariedade* fai que as persoas queiran axudar a quen ten un problema.
- Anxo, Nerea e mais eu temos unha grande *amizade* desde hai anos.

Vocabulario

Aprenderás a identificar a estrutura das palabras.

A estrutura da palabra

Fíxate nestas palabras:

pan

panadeiro

panadaría

paneira

As palabras están formadas por elementos máis pequenos: a **raíz** e os **morfemas**.

- A **raíz** é o elemento que dá o significado básico da palabra.
- Os **prefixos** e **sufixos** son morfemas que modifican o significado da palabra.

16 Copia esta táboa no teu caderno e separa os morfemas e a raíz das seguintes palabras:

- violinista
- irresponsable
- peregrinaxe
- roseira
- imposible
- carnizaría
- azulado
- desinteresado
- amabilidade
- outonal
- rapaciña
- xornalista

prefixo	raíz	sufixo
...	...	...

Amplía o teu vocabulario

17 Completa no teu caderno as oracións coas palabras axeitadas:

amizade | solidariedade | xeneroso | colaboración | amable

– É moi ... pola túa parte que me deixases a bicicleta para ir á excursión do domingo.
– Xoán é un rapaz moi ...; sempre está disposto a axudar a todo o mundo.
– Gústame traballar en ... con outras persoas porque aprendo moitísimas cousas diferentes.
– A ... fai que as persoas queiran axudar a quen ten un problema.
– Anxo, Nerea e mais eu temos unha grande ... desde hai anos.

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Lingüística	19	Practicar a narración de historias de forma oral a partir de cinco datos explicitados en cinco preguntas básicas e contar unha historia aos compañeiros.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Comunicación lingüística	Identificar os diferentes tipos de palabras. Uso da entoación, dicción e vocalización adecuadas en contextos orais da aula.	Aprendizaxe da división de palabras en raíz e morfemas, identificando prefixos e sufixos. Act. 16 Narración dunha historia coidando a entoación, dicción, etc. Act. 20
Sociais e cívicas	Comprensión do significado de palabras polo contexto. Valoración do emprego correcto da linguaxe para lograr unha comunicación efectiva.	Compleción de oracións escollendo as palabras máis axeitadas relacionando o seu significado e o contexto. Act. 17 Narración dunha historia baseada nunha imaxe e exposición dela diante do resto da clase. Act. 20
Aprender a aprender	Seguir pautas na elaboración das propias producción.	Practicar a explicación oral dunha historia cun exemplo concreto. 21.

[] Valid. 25/02/2017

Escoitar e falar

Aprenderás como se explica unha historia.

Contar unha historia

Cando narramos de xeito ordenado algunha cousa que aconteceu, **contamos unha historia**.

Cando contes unha historia, non esquezas dicir cando e onde ocorreu, a quen lle ocorreu, como sucederon os acontecementos...

18 Escoitade a narración e observade as ilustracións. Despois, contade outra vez a historia, pero intentade non repetir o mesmo, e para iso, engandide información nova:

19 Conta unha historia aos teus compañeiros a partir destes datos:

Cando? O domingo pola mañá.
Onde? No zoolóxico.
A quen? A unha muller cun sombreiro moi grande.
Que? Un mono quitoulle o sombreiro.
Ao final? A muller cambiou un plátano polo seu sombreiro.

20 Elixe unha destas paisaxes e cóntalle unha historia que sucedese nela a un compañeiro ou compañeira:

21 Imaxina que pasaría se un día que vai frío e chove ti non tes abrigo nin paraugas. Narra os acontecementos que suceden empregando nexos temporais.

Escoitar e falar

18. Actividade persoal.

O alumnado escoitará a historia e relacionaraa coas ilustracións que se ofrecen para comprender a súa orde. Fixaranse en como se conta a historia e tomarán notas se é preciso.

Deixaremos que escoiten a historia dúas veces cando menos. Se fora preciso, deixaremos que a escoitan unha terceira vez.

Logo crearán a súa propia historia buscando que elementos poden modificar sobre ela para facela diferente e persoal.

19. Actividade persoal.

O alumnado terá que crear a súa propia historia baseándose nos datos necesarios para contar calquera historia: cando? Onde? A quen? Que?...

Deberán respectar os datos que se lles facilitan para crear a súa propia historia, que dirán en voz alta diante de toda a clase.

20. Actividade persoal en parellas

Cada alumno e alumna escollerá unha das imaxes, que será o lugar onde teña lugar a historia.

Colocaranse por parellas e cada alumno e alumna inventará a súa historia respectando a estrutura que xa estudamos.

A continuación, contaralla ao seu compañeiro ou compañeira.

21. Actividade persoal.

O alumnado terá que crear unha historia a partir da situación que se lle propón no exercicio.

Cando conten a historia, fixarémonos en que respecten a estrutura da narración e en que empreguen correctamente os nexos temporais.

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/729044 - Páxina web da Xunta onde podemos ver tres audiovisuais con tres narracións de contos tradicionais. A partir destes modelos, podemos traballar co alumnado diferentes actividades de competencia oral e practicar a estrutura da narración estudada no apartado *Escoitar e falar*.

Podemos pedirlles que narren outras historias coñecidas que coñezan.

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente, corrixirá.

Anotacións

.....

.....

Orientacións didácticas

- No apartado *Escribir- Narración de sucesos reais* traballaremos os seguintes contidos:

- Aprendizaxe da estrutura e características dunha narración dun feito real.
- Modificación dun modelo dado de nexos temporais por outros.
- Ordenación de imaxes para demostrar que se comprende a orde temporal dunha historia e escrita da historia completa.
- Compleción dunha narración dada.

- No apartado *O trasno das palabras* traballaremos os seguintes contidos:

- A orde alfabética.
- Descodificación dun código para atopar a mensaxe oculta.
- Lectura dun texto no que se sitúan varias dificultades para a lectura.
- Valoración da literatura como unha ferramenta de lecer e aprendizaxe.

Escribir

Aprenderás a escribir unha narración baseada en feitos reais.

Narración de sucesos reais

Le o seguinte texto e fíxate nas palabras salientadas:

Un día fomos toda a clase de cuarto de excursión ao bosque.

Cando chegamos ao bosque, os profesores dixéronnos que podiamos xogar. Comezamos a xogar ás agachadas e, sen decatarme, achegueime demasiado ao río.

De pronto esvarei e caín. Por sorte, axiña os meus amigos me axudaron a saír. Menos mal que os profesores tiñan roupa seca.

De volta á escola, os meus amigos e eu riámonos lembrando o que me pasara.

Narrar é relatar ordenadamente o que che sucedeu a ti ou a outros nun determinado lugar, durante un período de tempo.

Para narrar unha historia, sigue estes pasos:

1. Cando, a quen e onde ocorreu?
2. Que ocorreu?
3. Que sucedeu ao final?

Para saber máis

As palabras salientadas no texto anterior son nexos temporais. Estes nexos serven para indicar cando sucederon os feitos.

22 Copia o texto anterior e cambia os nexos que aparecen por outros:

Para comezar a narración | Para continuar a narración | Para rematar a narración

23 Ordena as viñetas e, a continuación, escribe a historia:

24 Completa a seguinte narración:

Era un sábado primaveral e xa levaba moitos días sen chover. Pedro e Carme foron buscar pedras á praia. De súpeto, Pedro atopou un reloxo antigo na area…

10 Tema 1

Solucións das actividades

Escribir

22. Resposta persoal. A modo de exemplo:

– Unha vez fomos toda a clase de cuarto de excursión ao bosque.

– Ao chegar ao bosque, os profesores dixéronnos que podiamos xogar (...)

– De súpeto esvarei e caín (...)

– De regreso á escola, os meus amigos e eu riámonos (...)

23. A orde das viñetas é: *c, d, a, b*. A redacción da historia é unha actividade persoal.

24. Resposta persoal.

O trasno das palabras

1. As palabras en orde alfabética quedan así:

Autobús, avoa, barco, bico, cear,

Intelixencia Múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Espacial	23	Ordenar unhas viñetas demostrando a comprensión da historia que conteñen e redactar a súa historia.
Lóxico-matemática	*O tras*…, 2	Descifrar a mensaxe secreta que aparece nun texto redactado con un alfabeto de imaxes.
Lingüística	*O tras*…, 3	Practicar a eficacia lectora lendo rápidamente un texto

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sentido de inic. e esp. emprendedor	Adotar estratexias e recursos que favorezan a creatividade.	Practicar a narración de feitos reais completando un texto. A. 24.
Comunicación lngüística	Coñecer as características básicas da lingua e aplicar o coñecemento na resolucion de actividades.	Ordenar alfabeticamente unha serie de palabras. *O trasno das palabras*. Act. 1. Comprensión dun código establecido relacionado co alfabeto para descifrar unha mensaxe oculta. *O trasno das palabras*. Act.2 .
Conciencia e expresións culturais	Valorar as obras literarias e outras formas de manifestación cultural.	Valorar a literatura como fonte de coñecemento e recurso de lecer persoal. *Lectura recomendada*

[] Valid. 25/02/2017

O trasno das palabras

1 Ordena alfabeticamente no teu caderno as seguintes palabras:

- hotel
- barco
- autobús
- quilos
- libro
- bico
- xantar
- cear
- febreiro
- avoa
- xemelgo
- polbo

2 Substitúe cada símbolo pola letra correspondente e descifra a mensaxe secreta:

3 **Eficacia lectora.** Unhas manchas de tinta borraron algunhas palabras desta nota. Lea o máis rapidamente que poidas:

Querida avoiña:

Mamá di que o mércores sae un barco da vila e podes vir visitarnos. Eu estarei moi contenta de poderte abrazar.

Moitos bicos, esperámoste.

Susi



Lectura recomendada

Xoán BABARRO: *Kumamoto canchés, o meu robot xaponés*. Madrid, Ed. Edelvives, 1991.

Neste libro has atopar un robot moi divertido, o Kumamoto, con quen Roi o pasa moi ben pois é quen de facer as operacións máis raras e divertidas: resolver contas, atar os zapatos ou resolver enigmas, entre outros.

febreiro, hotel, libro, polbo, quilos, xantar, xemelgo.

2. A mensaxe oculta é a seguinte:

Non hai peor xordo que o que non quere oír.

3. Resposta persoal.

Se o alumnado non é capaz de ler ben o texto, escribirémolo de novo no encerado:

Querida avoíña.

Mamá di que o mércores sae un barco da vila e podes vir visitarnos. Eu estarei moi contenta de poderte abrazar.

Moitos bicos, esperámoste.

Susi.

Lectura recomendada

Nesta parte do apartado *O trasno das palabras* traballaremos co alumnado a valoración da lectura como unha forma de aprendizaxe, pero sobre todo de lecer.

Intentaremos que vaian buscar o libro á biblioteca de aula ou do centro e que o lean para poder facer posteriormente actividades de comprensión lectora e reforzar o interese pola lectura.

Actividades de reforzo

1. Para afianzar os coñecementos sobre a narración, podemos pedirlle ao alumnado que nos conte a historia dalgún libro que lera recentemente.

Intentaremos que todos os alumnos e alumnas conten algunha historia breve.

Actividades de ampliación

1. Pedirémoslle ao alumnado que ordene alfabeticamente as seguintes palabras: forno, taboleiro, mesa, cadeira, impresor, lámpada, altofalante, botella, papel.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/100959 - Empregaremos o dicionario da Real Academia Galega para que o alumnado busque algunhas palabras concretas e anote cando comece a escribir unha palabras as seguintes e as anteriores, que aparecerán na parte inferior da definición.

Tamén lles podemos preguntar entre varias palabras cal atoparán primeiro no dicionario e logo poden comprobalo eles mesmos.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

ANOTACIÓNS

.....

.....

.....

Orientacións didácticas

- No apartado *Aprendín*, repasaremos todos os contidos estudados no tema. Para isto empregaremos as seguintes actividades:

- Debuxo dunha situación comunicativa cunhas características concretas dadas que deben respectar.
- Explicación dun tipo de comunicación dun animal.
- Corrección de palabras mal acentuadas e acentuación dunha serie de palabras argumentando a regra que se aplica.
- Formación de novas palabras con prefixos e sufixos.
- Realización dun ditado.

- No apartado *Avalío as miñas competencias* traballarán os seguintes contidos:

- Narración correcta dunha posible visita á Acrópole.
- Explicacion dos tipos de columnas gregas.
- Procura na Internet sobre os deuses gregos para realizar unha actividade.

Solucións das actividades

Aprendín

1. Resposta persoal. Fixarémonos no momento de corrixir os exercicios que o alumnado tivera en conta as condicións que se lle propuxan previamente.
2. Resposta persoal. A modo de exemplo: os cans ladran e úlense, os gatos miañan, etc.
3. Marcamos en negra os erros corrixidos no seu apartado correcto. As palabras de cada grupo son:

– Agudas: camión, botón, mañá, comunicar.

– Graves: saco, libro, cadro, lapis; **bolboreta, piso, pexego, fragmento.**

– Esdrúxulas: péndulo, cómoda, píntega, sílaba; **cóbrega, música**.

4. As palabras que levan acento gráfico son:

Aprendín

1 Fai un debuxo no que dúas persoas se comuniquen, pero ten que ter as características seguintes:

– O emisor debe ser un neno louro duns dez anos.
– A mensaxe debe ser curta, escrita e tratar sobre unha excursión.
– O receptor debe ser unha nena morena, que recibe a mensaxe inmediatamente.

2 As abellas comunícanse por medio de danzas, e as baleas emiten sons que outras baleas reciben a moita distancia. Explica como se comunica outro animal. Busca na Internet se é necesario.

3 Corrixe os erros que se cometeron nos seguintes grupos:

agudas	graves	esdrúxulas
camión, botón	música, saco	péndulo, cómoda
bolboreta, mañá	cóbrega, libro	pexego, píntega
piso, comunicar	cadro, lapis	fragmento, sílaba

4 Copia as seguintes palabras no teu caderno e acentúaas só cando sexa necesario. Xustifica porque pos ou non acento:

- leon
- galo
- campion
- xanela
- lousa
- ave
- sabado
- pantalla
- concello
- colibri
- pastor
- habil
- camara
- mastil
- util

5 Forma palabras con significados novos engandindo prefixos ou sufixos:

- sal
- escribir
- leña
- aceite
- papel
- luz
- peixe
- cortar

Ditado

Son vendedor de **periódicos**. Cada **mañá**, con voz potente, anuncio os titulares **máis divertidos**: "As vacas emiten **estraños bruídos**, que sobresaltan os veciños", "A **patrulleira** de salvamento **albiscou** un gato nun **salvavidas**".

12 Tema 1

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Naturalista	*Apr…*, 2	Recoñecer formas de comunicación do mundo animal.
Intrapersoal	Ditado	Ser capaz de preparar previamente un ditado.
Lóxico-matemática	*Avalío…*, 1	Coñecer e señalar espacios da Acrópolis.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Dixital	Buscar información de forma eficiente na Internet.	Buscar información sobre comunicación animal. Act. 2 de *Apr…* Ampliar coñecementos sobre a Grecia antigua. Act. 2-3 de *Aval…*
Aprender a aprender	Aplicar o coñecemento xa adquirido en actividades. Analizar o contexto para comprender textos e imaxes.	Corrixir grupos de palabras clasificadas por acentuación. 3 de *Ap…* Analizar imaxes para ampliar datos sobre arte grega. 1-2 de *Av…*
Matemática e bás. en ciencias e tecnolox.	Coñecer aspectos da redonda natural ou social.	Coñecer lugares da Acrópole de Atenas . Act. 1 de *Aval…*
Sentido de iniciativa e esp. emprendedor	Intervir en actividades por iniciativa propia e colaboración.	Coñecer lugares da Acrópole de Atenas . Act. 1 de *Aval…*
Conciencia e expresións culturais	Coñecer e valora diversas manifestacións culturais.	Ampliar coñecementos sobre templos e mitos gregos. 2-3 de *Av…*

[] Valid. 25/02/2017

Avalío as miñas competencias

1 Durante as súas vacacións, Susi visitou a Acrópole de Atenas. Identifica na fotografía os lugares que puido visitar:





2 Nos templos gregos hai tres tipos de columnas. Relaciona as columnas coas fotografías e busca na Internet un exemplo de cada:

columna dórica

columna xónica

columna corintia

3 A Susi explicáronlle que no Olimpo había moitos deuses gregos. Indaga na Internet e relaciona no teu caderno:

Zeus	Deus do sol e das artes.
Apolo	Deus dos deuses.
Artemisa	Deusa da sabedoría.
Ares	Deus do mar.
Atenea	Deusa da caza.
Poseidón	Deus mensaxeiro.
Hermes	Deus da guerra.

Tema 1 13

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/729045 - Páxina web na que se describen brevemente os principais deuses gregos. Co seu contido podemos profundizar no coñecemento sobre estes deuses, ademais de practicar a procura na Internet e o manexo de medios dixitais.

Podemos proporlle ao alumnado un debate sobre que deuses lles gustan máis ou menos e por que e preguntarlles por que cren que en tempos dos gregos había tantos deuses diferentes.

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

– león, campión, colibrí. Agudas rematadas en vogal e en –n.

– hábil, mástil, útil. Graves que non rematan nin en vogal nin en –s nin en –n.

– sábado, cámara. Esdrúxulas, así que sempre levan acento gráfico.

5. Actividade persoal. A modo de exemplo: salar, escritura, leñeira, aceiteira, papeleira, deslucir, peixaría, recortar...

Para rematar o apartado, o alumnado realizará un ditado no que comprobaremos se interiorizaron os coñecementos lingüísticos do tema.

Poderán preparar o ditado antes de facelo para recoñecer as dificultades ortográficas que poden atopar.

Avalío as miñas competencias

1. Actividade persoal. Preténdese que o alumnado relacione a imaxe e o debuxo e sexa capaz de ler correctamente as partes da Acrópole e definilas usando unha linguaxe correcta e axeitada á situación.

2. Actividade persoal. Cada alumno e alumna terá que ser capaz de relacionar o debuxo e a imaxe correspondente a cada tipo de columna grega. Para isto, buscará na Internet .as características de cada columna para recoñecelas.

As columnas do exercicio son:

– a. Columna corintia.

– b. Columna dórica.

– c. Columna xónica.

3. As correspondencias entre os deuses e as definicións que se facilitan son:

– Zeus: Deus dos deuses.

– Apolo: Deus do sol e das artes.

– Artemisa: Deusa da caza.

– Ares: Deus da guerra

– Atenea: Deusa da sabiduría

– Poseidón: Deus do mar.

– Hermes: Deus mensaxeiro.

NAVEGAMOS POR TICHING	
TICHING	**WEBS**
http://www.tiching.com/86975	https://moduloiii2011.files.wordpress.com/2011/04/5-gente-en-su-sitio_pc3a1gina_047.jpg?utm_source=tiching&utm_medium=referral
http://www.tiching.com/100959	http://academia.gal/dicionario#inicio.do
http://www.tiching.com/101076	https://gl.wikipedia.org/wiki/Normativa_oficial_do_galego_-_A_acentuación?utm_source=tiching&utm_medium=referral
http://www.tiching.com/729044	http://www.xunta.es/linguagalega/audiovisuais_para_os_mais_pequenos
http://www.tiching.com/729045	http://centros.edu.xunta.es/iesdemelide/webantiga/intres03/osprincipais.htm

ANOTACIÓNS

© VICENS VIVES

ANOTACIÓNS

© VICENS VIVES